



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 24 DE NOVEMBRO DO 2022.

Sesión 17/2022-P

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D^a María Nogareda Marzoa (AV)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM) D^a María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira (SM) D^a Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luísa Rúa Prieto (SM) D^a María Soraya Salorio Porral (PP) D^a María José García Freire (PP) D. José Luis Tellado Villares (PP) D. José Luis García Pazos (PP) D. Sergio García López (PP) D^a María Pardo Fafián (PSOE) D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) D^a Laura Rodríguez Pena (BNG) D^a Sara Arrojo Dueñas (BNG) D. Breogán Blanco González (AV)</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 24 de novembro do 2022, baixo a presidencia da sra. alcaldesa D^a María Nogareda Marzoa, asistida pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p>
--	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión a Presidenta, dando a benvinda a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de novembro do 2022 do Concello de Sada, convocado para ter lugar no Salón dos Plenos.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesións núms. 14 e 15/2022).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 14/2022, do 27 de outubro; a secretaria indica que hai que facer unha corrección nos asistentes, xa que figura Soraya Salorio como asistente e como non asistente, en lugar de asistente Ramiro Blanco Montero. Aprobándose a acta coa dita corrección.

A continuación a Presidencia pregúntalles aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 15/2022, do 17 de novembro; non habendo intervencións, queda aprobada a dita acta co voto favorable de SM e BNG e abstención do resto de grupos.



A Presidencia ordena a transcripción das ditas actas, coa corrección efectuada na primeira delas, ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- REORGANIZACIÓN DO CONCELLO.

A presidenta, sra. Nogareda Marzoa, di que neste punto trátase de dar conta dos decretos xa asinados o venres pasado e que constan no expediente de cesamento e de novos nomeamentos, pero que teñen unha ligazón co seguinte punto, que vén de urxencia, sobre a reorganización das delegacións.

3º.- MODIFICACIÓN DO RÉXIME DAS RETRIBUCIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Procédese á votación da urxencia deste asunto, non incluído na orde do día porque non houbo comisión informativa previa e debido ás novas incorporacións e cambios producidos no goberno, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PP, 2 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: 6 (SM).
- Abstencións: 2 (BNG).

Resultando aprobada a urxencia por maioría absoluta.

Consta no expediente a proposta da alcaldesa do 24 de decembro do 2022, que recolle:

«PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DO RÉXIME DAS RETRIBUCIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

Asunto: Organización do Concello

Unha vez realizado o cambio do Equipo de Goberno coa tramitación da moción de censura o pasado 18 de novembro de 2022 preciso proceder á reorganización das áreas delegadas que foran establecidas por acordo plenario do pleno do 16 de xullo de 2019, modificado o 27 de febreiro de 2020, para adaptalos ás novas circunstancias.

Polo que proponho ao pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Manter o exercicio do cargo de Alcalde en réxime de dedicación exclusiva, fixando a retribución por tal concepto na suma de 28.000.- euros anuais, a percibir en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes correspondentes aos meses de xuño e decembro, con efectos retroactivos a data 18.11.2022.-

SEGUNDO.- Modificar o nome da dedicación da antiga Concellería delegada da área de Facenda, Administración Local, Administración Electrónica, Contratación e Seguridade Cidadá (creada por acordo plenario do 16 de xullo de 2019 e resolución de alcaldía núm. 430 do 2.03.2020) pasando a denominarse Concellería delegada dos servizos de Facenda, Contratación e Seguridade Cidadá.

TERCEIRO.- Modificar o nome da dedicación da antiga Concellería delegada da área de Obras e servizos (creada por acordo plenario do 16 de xullo de 2019) pasando a denominarse Concellería delegada dos servizos de Servizos sociais, saúde e infraestruturas.

CUARTO.- Modificar o nome da dedicación da antiga Concellería delegada dos servizos de Promoción da Saúde, Cohesión Social e Voluntariado (creada por acordo plenario do 16 de xullo de 2019) pasando a denominarse Concellería delegada dos servizos de Deporte, Voluntariado e Cohesión Social.

QUINTO.- Modificar o nome da dedicación da antiga Concellería delegada da área de Educación e Deporte (creada por acordo plenario do 16 de xullo de 2019) pasando a denominarse Concellería delegada dos servizos de Educación, Xuventude, Emprego e desenvolvemento, pasando a réxime de dedicación parcial do 50%, cunha dedicación de 20 horas semanais, nos horarios que estableza a Alcaldía, fixando a retribución a percibir por tal concepto nas sumas de 14.000 anuais, que se fará efectiva en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes extraordinarias correspondentes aos meses de xuño e decembro.

SEXTO.- Modificar o nome da dedicación da antiga Concellería delegada do servizo de Cultura (creada por acordo plenario do 16 de xullo de 2019, modificado o 27 de febreiro de 2020) pasando a denominarse Concellería delegada dos servizos de Cultura, Comercio e Turismo, pasando a réxime de dedicación parcial do 50%, cunha dedicación de 20 horas semanais, nos horarios que estableza a Alcaldía, fixando a retribución a percibir por tal concepto nas sumas de 14.000 euros anuais, que se fará efectiva en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes extraordinarias correspondentes aos meses de xuño e decembro.

SÉTIMO.- Modificar o nome da dedicación da antiga Concellería delegada dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Emprego (creada por acordo plenario do 16 de xullo de 2019) pasando a denominarse Concellería delegada dos servizos de Obras e Mantemento, pasando a réxime de dedicación parcial do 50%, cunha dedicación de 20 horas semanais, nos horarios que estableza a



Alcaldía, fixando a retribución a percibir por tal concepto nas sumas de 14.000 anuais, que se fará efectiva en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes extraordinarias correspondentes aos meses de xuño e decembro.

OITAVO.- Suprimir o resto de dedicacións das Concellerías Delegadas contidas nos acordos plenarios anteditos».

Debátase o asunto, coas intervencións da presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV); da sra. Rodríguez Pena (BNG), quen anuncia a abstención do seu grupo; da sra. Pardo Fafián (PSOE); da sra. Salorio Porral (PP); do sr. Portela Fernández (SM); e novamente da presidenta, quen fai algunhas puntualizacións.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PP, 2 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: 6 (SM).
- Abstencións: 2 (BNG).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Manter o exercicio do cargo de Alcalde en réxime de dedicación exclusiva, fixando a retribución por tal concepto na suma de 28.000.- euros anuais, a percibir en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes correspondentes aos meses de xuño e decembro, con efectos retroactivos a data 18.11.2022.

SEGUNDO.- Modificar o nome da dedicación da antiga Concellería delegada da área de Facenda, Administración Local, Administración Electrónica, Contratación e Seguridade Cidadá (creada por acordo plenario do 16 de xullo de 2019 e resolución de alcaldía núm. 430 do 2.03.2020) pasando a denominarse Concellería delegada dos servizos de Facenda, Contratación e Seguridade Cidadá.

TERCEIRO.- Modificar o nome da dedicación da antiga Concellería delegada da área de Obras e servizos (creada por acordo plenario do 16 de xullo de 2019) pasando a denominarse Concellería delegada dos servizos de Servizos sociais, saúde e infraestruturas.

CUARTO.- Modificar o nome da dedicación da antiga Concellería delegada dos servizos de Promoción da Saúde, Cohesión Social e Voluntariado (creada por acordo plenario do 16 de xullo de 2019) pasando a denominarse Concellería delegada dos servizos de Deporte, Voluntariado e Cohesión Social.

QUINTO.- Modificar o nome da dedicación da antiga Concellería delegada da área de Educación e Deporte (creada por acordo plenario do 16 de xullo de 2019) pasando a denominarse Concellería delegada dos servizos de Educación, Xuventude, Emprego e desenvolvemento, pasando a réxime de dedicación parcial do 50%, cunha dedicación de 20 horas semanais, nos horarios que estableza a Alcaldía, fixando a retribución a percibir por tal concepto nas sumas de 14.000 anuais, que se fará efectiva en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes extraordinarias correspondentes aos meses de xuño e decembro.

SEXTO.- Modificar o nome da dedicación da antiga Concellería delegada do servizo de Cultura (creada por acordo plenario do 16 de xullo de 2019, modificado o 27 de febreiro de 2020) pasando a denominarse Concellería delegada dos servizos de Cultura, Comercio e Turismo, pasando a réxime de dedicación parcial do 50%, cunha dedicación de 20 horas semanais, nos horarios que estableza a Alcaldía, fixando a retribución a percibir por tal concepto nas sumas de 14.000 euros anuais, que se fará efectiva en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes extraordinarias correspondentes aos meses de xuño e decembro.

SÉTIMO.- Modificar o nome da dedicación da antiga Concellería delegada dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Emprego (creada por acordo plenario do 16 de xullo de 2019) pasando a denominarse Concellería delegada dos servizos de Obras e Mantemento, pasando a réxime de dedicación parcial do 50%, cunha dedicación de 20 horas semanais, nos horarios que estableza a Alcaldía, fixando a retribución a percibir por tal concepto nas sumas de 14.000 anuais, que se fará efectiva en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes extraordinarias correspondentes aos meses de xuño e decembro.

OITAVO.- Suprimir o resto de dedicacións das Concellerías Delegadas contidas nos acordos plenarios anteditos.



4º.- COMPATIBILIDADES DOS CONCELLEIROS.

Procédese á votación da urxencia deste asunto, non incluído na orde do día porque non houbo comisión informativa previa e debido ás novas incorporacións e cambios producidos no goberno, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PP, 2 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: 6 (SM).
- Abstencións: 2 (BNG).

Resultando aprobada a urxencia por maioría absoluta.

Consta no expediente a proposta da alcaldesa do 24 de decembro do 2022, que recolle:

«PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE COMPATIBILIDADES CONCELLEIROS

Unha vez realizado o cambio do Equipo de Goberno coa tramitación da moción de censura o pasado 18 de novembro de 2022 e reorganizados os servizos delegados e dedicacións dos concelleiros é preciso proceder á autorización das compatibilidades naqueles concelleiros que desempeñan outro posto de traballo.

Polo que propoño ao pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar a compatibilidade a José Luis Tellado Villares como Concelleiro delegada do servizo de Cultura, Cultura, Comercio e Turismo en réxime de dedicación parcial, coa actividade privada como garda xurado na empresa Prosegur SA, na que desenvolve a xornada a turnos, debendo adaptarse a xornada no Concello a dito réxime anunciándose semanalmente.

SEGUNDO.- Autorizar a compatibilidade de José Luis García Pazos como Concelleiro delegado dos servizos de Obras e Mantemento en réxime de dedicación parcial, coa actividade privada como tractorista autónomo, debendo adaptarse a xornada no Concello a dito réxime anunciándose semanalmente.

TERCEIRO.- Modificar a compatibilidade concedida a Breogán Blanco González polo acordo plenario do 28 de novembro de 2019 no referido á Concellería Delegada, que pasa a denominarse Concellería delegada dos servizos de Deporte, Voluntariado e Cohesión Social, manténdose o resto do acordo.

CUARTO.- Os anteriores recoñecementos de compatibilidade quedan condicionados a que as actividades se desenvolvan, en todo momento, en horario non coincidente co das funcións correspondentes ao cargo de concelleiros delegados, e non supoña en ningún caso impedimento ou menoscabo do estrito cumprimento dos deberes como concelleiros».

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG), quen anuncia que hanse abster; da sra. Pardo Fafián (PSOE); da sra. Salorio Porral (PP); e do sr. Portela Fernández (SM).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PP, 2 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: 6 (SM).
- Abstencións: 2 (BNG).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Autorizar a compatibilidade a José Luis Tellado Villares como Concelleiro delegada do servizo de Cultura, Cultura, Comercio e Turismo en réxime de dedicación parcial, coa actividade privada como garda xurado na empresa Prosegur SA, na que desenvolve a xornada a turnos, debendo adaptarse a xornada no Concello a dito réxime anunciándose semanalmente.

SEGUNDO.- Autorizar a compatibilidade de José Luis García Pazos como Concelleiro delegado dos servizos de Obras e Mantemento en réxime de dedicación parcial, coa actividade privada como tractorista autónomo, debendo adaptarse a xornada no Concello a dito réxime anunciándose semanalmente.

TERCEIRO.- Modificar a compatibilidade concedida a Breogán Blanco González polo acordo plenario do 28 de novembro de 2019 no referido á Concellería Delegada, que pasa a denominarse Concellería delegada dos servizos de Deporte, Voluntariado e Cohesión Social, manténdose o resto do acordo.



CUARTO.- Os anteriores recoñecementos de compatibilidade quedan condicionados a que as actividades se desenvolvan, en todo momento, en horario non coincidente co das funcións correspondentes ao cargo de concelleiros delegados, e non supoña en ningún caso impedimento ou menoscabo do estrito cumprimento dos deberes como concelleiros.

5º.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS ÓRGANOS COLEXIADOS.

Procédese á votación da urxencia deste asunto, non incluído na orde do día porque non houbo comisión informativa previa e debido ás novas incorporacións e cambios producidos no goberno, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PP, 2 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: 6 (SM).
- Abstencións: 2 (BNG).

Resultando aprobada a urxencia por maioría absoluta.

Consta no expediente a proposta da alcaldesa do 24 de decembro do 2022, que recolle:

«PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS ÓRGANOS COLEXIADOS
Unha vez realizado o cambio do Equipo de Goberno coa tramitación da moción de censura o pasado 18 de novembro de 2022 preciso proceder á reorganización dos nomeamentos de representantes nos órganos colexiados nos que ten participación o Concello de Sada.

Polo que propoño ao pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Nomear representante titular á persoa que desenvolva o cargo de Alcalde/Alcaldesa como representante da Corporación nos consellos escolares dos colexios de Mondego, Mosteirón, Carnoedo, Sada e Contornos, Colexio de Educación Infantil de Carnoedo e nos IES Isaac Díaz Pardo e O Mosteirón e suplente ao concelleiro/a que ostente a delegación do servizo de Educación.

SEGUNDO.- Nomear representante titular ao concelleiro/a que ostente a delegación do servizo de Servizos Sociais nos órganos reitores do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e suplente á persoa que desenvolva o cargo de Alcalde/Alcaldesa.

TERCEIRO.- Nomear representante titular na Asemblea Xeral da Rede Galega de Concellos pola sustentabilidade á persoa que desenvolva o cargo de Alcalde/Alcaldesa e suplente ao concelleiro/a que ostente a delegación do servizo de Servizos Sociais.

CUARTO.- Nomear representante titular do Concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade á persoa que ostente a delegación do servizo de Servizos Sociais e suplente á persoa que desenvolva o cargo de Alcalde/Alcaldesa.

QUINTO.- Nomear representante titular da Corporación na Comisión xestora encargada da elaboración dos trámites precisos para a constitución dos Órganos de Goberno da Mancomunidade á persoa que desenvolva o cargo de Alcalde/Alcaldesa e suplente ao concelleiro/a que ostente a delegación do servizo de Servizos Sociais.

SEXTO.- Nomear representante titular na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo á persoa que desenvolva o cargo de Alcalde/Alcaldesa e suplente ao concelleiro/a que ostente a delegación do servizo de Servizos Sociais.

SÉTIMO.- Nomear representante titular na Comisión de Escolarización do Concello de Sada á persoa que concelleiro/a que ostente a delegación do servizo de Educación e suplente á persoa que desenvolva o cargo de Alcalde/Alcaldesa.

OITAVO.- Anular a representación que poida existir noutros órganos colexiados dos que non se ten constancia na data».

A presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV), aclara antes do debate que hai que corrixir un erro contido na proposta, con respecto do primeiro punto, xa que as persoas titular e suplente para os consellos escolares han ser á inversa do que nela figura; así mesmo indica que do dito contido hai que omitir tamén o referido a Carnoedo.

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG), que anuncia a abstención do seu grupo; da sra. Pardo Fafián (PSOE); da sra. Salorio Porral (PP); do sr. Portela Fernández (SM), quen anuncia que o seu grupo hase abster neste punto.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PP, 2 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 8 (6 SM e 2 BNG).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:



PRIMEIRO.- Nomear ao concelleiro/a que ostente a delegación do servizo de Educación como representante titular da Corporación nos consellos escolares dos colexios de Mondego, Mosteirón, Sada e Contornos e nos IES Isaac Díaz Pardo e O Mosteirón e suplente á persoa que desenvolva o cargo de Alcalde/Alcaldesa.

SEGUNDO.- Nomear representante titular ao concelleiro/a que ostente a delegación do servizo de Servizos Sociais nos órganos reitores do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e suplente á persoa que desenvolva o cargo de Alcalde/Alcaldesa.

TERCEIRO.- Nomear representante titular na Asemblea Xeral da Rede Galega de Concellos pola sustentabilidade á persoa que desenvolva o cargo de Alcalde/Alcaldesa e suplente ao concelleiro/a que ostente a delegación do servizo de Servizos Sociais.

CUARTO.- Nomear representante titular do Concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade á persoa que ostente a delegación do servizo de Servizos Sociais e suplente á persoa que desenvolva o cargo de Alcalde/Alcaldesa.

QUINTO.- Nomear representante titular da Corporación na Comisión xestora encargada da elaboración dos trámites precisos para a constitución dos Órganos de Goberno da Mancomunidade á persoa que desenvolva o cargo de Alcalde/Alcaldesa e suplente ao concelleiro/a que ostente a delegación do servizo de Servizos Sociais.

SEXTO.- Nomear representante titular na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo á persoa que desenvolva o cargo de Alcalde/Alcaldesa e suplente ao concelleiro/a que ostente a delegación do servizo de Servizos Sociais.

SÉTIMO.- Nomear representante titular na Comisión de Escolarización do Concello de Sada á persoa que concelleiro/a que ostente a delegación do servizo de Educación e suplente á persoa que desenvolva o cargo de Alcalde/Alcaldesa.

OITAVO.- Anular a representación que poida existir noutros órganos colexiados dos que non se ten constancia na data.

6º.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL (ROM).

Procédese á votación da urxencia deste asunto, non incluído na orde do día porque o traballo estaba realizado dende xullo de 2021, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PP, 2 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: 6 (SM).
- Abstencións: 2 (BNG).

Resultando aprobada a urxencia por maioría absoluta.

Consta no expediente a proposta da alcaldesa do 24 de decembro do 2022, que recolle:

«PROPOSTA ALCALDÍA MODIFICACIÓN ROM

O Concello de Sada conta cun Regulamento orgánico municipal, cuxa última modificación aprobouse en sesión plenaria de 31-5-2018.

Tendo en conta que é preciso adaptar o ROM á nova realidade e recoller circunstancias que a mesma está poñendo de manifesto que é preciso detaiar, máis aló do xenérico contemplado na lei.

Visto o acordo plenario do 29.04.2021 e as propostas presentadas nas mocións do PP e PDOE.

Considerando que se trata dunha modificación concreta que aplicando o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas, procede prescindir da consulta e información pública previa xa que non se impoñen novas obrigas aos destinatarios nin se provoca novo impacto relevante na actividade económica.

Considerando o sinalado no informe de secretaría do 19.07.2021.

Propoño ao pleno a adopción do seguinte acordo:



Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento Orgánico Municipal consistente na modificación dos seguintes apartados dos art. 52 e 64, que quedarían redactados como segue:

“Artigo 52.-

2. As emendas haberán de ser presentadas por escrito asinado polos emendantes, expresando literalmente o texto que se propón para substituír ao emendado, antes de iniciarse na sesión a discusión do asunto a que se refiran..

3. Respecto ás mocións de urxencia, poden presentarse propostas/emendas de modificación ou substitución verbais no transcurso do debate pero unicamente modificarán a proposta inicial que se someta a votación aquelas que teñan por obxecto unificar criterios ou refundir outras emendas ou proposicións formuladas durante o debate e que sexan aceptadas polo proponente da mesma.

Artigo 64.-

1. Son mocións as propostas que por iniciativa propia fagan, individual ou colectivamente, os concelleiros ou os grupos, que non teñan cabida no punto de rogos e preguntas e que se sometan directamente á consideración do Pleno por razóns de urxencia, mediante escrito dirixido ao Presidente no que se motive debidamente esta, asinado polo concelleiro proponente ou polo Portavoz do Grupo, e presentado no Rexistro Xeral ata as catorce horas do día hábil anterior a aquel no que se celebre a sesión plenaria, salvo **casos de forza maior debidamente motivados ou cando o asunto obxecto da moción xurdira entre as 14:00 horas do día anterior e a celebración da sesión, casos nos que se permitirá a presentación no momento do inicio do Pleno.**

As mocións carecerán da eficacia precisa para a adopción inmediata de acordos que esixan informes técnicos, económicos ou xurídicos, necesarios para garantir a oportunidade, posibilidade ou legalidade do acordo a adoptar”.

Segundo.- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se producieran».

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); do sr. García López (PP); do sr. Portela Fernández (SM), quen anuncia que o seu grupo ha votar en contra; novamente da sra. Rodríguez; a sra. Pardo; e a presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PP, 2 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento Orgánico Municipal consistente na modificación dos seguintes apartados dos art. 52 e 64, que quedarían redactados como segue:

“Artigo 52.-

2. As emendas haberán de ser presentadas por escrito asinado polos emendantes, expresando literalmente o texto que se propón para substituír ao emendado, antes de iniciarse na sesión a discusión do asunto a que se refiran.

3. Respecto ás mocións de urxencia, poden presentarse propostas/emendas de modificación ou substitución verbais no transcurso do debate pero unicamente modificarán a proposta inicial que se someta a votación aquelas que teñan por obxecto unificar criterios ou refundir outras emendas ou proposicións formuladas durante o debate e que sexan aceptadas polo proponente da mesma.

Artigo 64.-

1. Son mocións as propostas que por iniciativa propia fagan, individual ou colectivamente, os concelleiros ou os grupos, que non teñan cabida no punto de rogos e preguntas e que se sometan directamente á consideración do Pleno por razóns de urxencia, mediante escrito dirixido ao Presidente no que se motive debidamente esta, asinado polo concelleiro proponente ou polo Portavoz do Grupo, e presentado no Rexistro Xeral ata as catorce horas do día hábil anterior a aquel no que se celebre a sesión plenaria, salvo casos de forza maior



debidamente motivados ou cando o asunto obxecto da moción xurdira entre as 14:00 horas do día anterior e a celebración da sesión, casos nos que se permitirá a presentación no momento do inicio do Pleno.

As mocións carecerán da eficacia precisa para a adopción inmediata de acordos que esixan informes técnicos, económicos ou xurídicos, necesarios para garantir a oportunidade, posibilidade ou legalidade do acordo a adoptar”.

Segundo.- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran.

7º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 21 de outubro (núm. 1619) ata o 20 de novembro do 2022 (núm. 1828).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 21 de outubro (núm. 1619, do expediente 2022/G003/001728) ata o 20 de novembro do 2022 (núm. 1828, do expediente 2022/G003/001914), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

B. Mocións.

1ª.- Moción do grupo municipal do BNG sobre Atención Primaria.

A sra. Rodríguez Pena (BNG) xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo municipal do BNG.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade.

A continuación, a sra. Rodríguez Pena dá lectura á moción:

*«O Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da súa concelleira Laura Rodríguez Pena, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte **moción sobre Atención Primaria,***

Exposición de motivos

A Consellaría de Sanidade leva anos recortando e desmantelando os recursos da sanidade pública Galega, especialmente na Atención Primaria, coa finalidade de reducir gasto e favorecer a sanidade privada, que medra de maneira imparábel. Paralelamente, as e os responsábeis do SERGAS son incapaces de planificar e xestionar debidamente uns recursos cada vez máis minguados, pondo en cuestión a continuidade do sistema mesmo, encamiñándoo cara a un cadro de colapso e precariedade que se cronifica no tempo e acaba converténdose nun mal endémico, un lamentábel trazo distintivo co que o groso da sociedade acaba identificando a sanidade pública galega.

Entre outras cousas, as reducións de persoal, a prioridade pola consulta telefónica por riba da presencial, as dificultades para contactar cos centros e conseguir cita, o peche de consultas, centros e PAC, etc., impiden o acceso normal á asistencia sanitaria á poboación e crean listaxes de agarda inaceptábeis para un sistema sanitario público dun país desenvolvido.

Como consecuencia do exposto, desapareceu da Atención Primaria a promoción, prevención, rehabilitación, participación e o traballo comunitario, mentres que o persoal está sometido a unha situación de presión, inestabilidade e precariedade incompatíbeis cunha atención de calidade.

Perante este panorama, profesionais de todas as ramas do sistema sanitario público e colectivos cidadáns de todo tipo veñen traballando de mans dadas desde hai anos non só para denunciar publicamente o xa descrito, senón para ofrecer alternativas. É por iso



que naceu SOS Sanidade Pública, unha moi ampla plataforma cívica que nestes momentos impulsa un proxecto de lei, mediante o mecanismo de iniciativa lexislativa popular (ILP), para o reforzo da atención primaria.

Esta ILP recolle medidas que deben ser aprobadas maneira urxente polo Parlamento de Galiza e ir acompañadas dun incremento do orzamento de Atención Primaria até chegar ao 25% do total.

As institucións locais somos esenciais no proceso de recuperar os recursos, garantir a accesibilidade á asistencia, desmasificar as consultas, reabrir os centros e PAC pechados e acabar coas listaxes de agarda, incompatíbeis cunha asistencia racional e de calidade.

En consecuencia, como Concello da Sada, ademais de apoiar a ILP, debemos colaborar activamente na recollida de sinaturas e nas mobilizacións e actividades informativas de carácter unitario que se realicen, para ter unha Atención Primaria de Calidade.

É por isto que como Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego recolleemos a proposta de SOS Sanidade Pública e sometemos a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción do seguinte

Acordo

Apoiar a Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola plataforma SOS Sanidade Pública, integrada por organizacións sociais, sanitarias, de doentes, sindicais e políticas, que pretende que o Parlamento de Galiza debata e aprobe con forma de lei unha serie de medidas:

- *Estabelecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas.*
- *Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvagardar a calidade da atención aos pacientes.*
- *Acabar ca inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas.*
- *Reabrir as consultas, centros de saúde e PAC de urxencias pechados durante os últimos anos.*
- *Incrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas categorías profesionais aos equipos como psicoloxía, fisioterapia, atención temperá, logopedia, etc., para desmedicalizar a atención e ofrecer unha asistencia integrada.*
- *Recuperar as xerencias de Atención Primaria para dotala de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais. Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e atención á dependencia.*
- *Desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galiza.*
- *Pór en marcha o Consello de Saúde de Galiza e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria para que a poboación teña capacidade real de participar á hora de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros».*

Debátese a moción, coas intervencións da presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV), quen fai un apuntamento sobre a expresión “pór en marcha”, que abre o derradeiro parágrafo, que se podería emendar por “darlle pulo”, amosándose polo demais a favor da moción; do sr. Blanco Montero (PSOE), quen tamén amosa que o seu grupo votará a favor; da sra. Salorio Porral (PP), quen anuncia que o seu grupo hase abster; do sr. Fariña Andrade (SM), quen di que o seu grupo ha votar a favor; e da sra. Rodríguez novamente, quen amosa a disposición do seu grupo a aceptar a emenda suxerida pola presidenta.

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da moción coa emenda introducida pola presidenta, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 PP.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Apoiar a Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola plataforma SOS Sanidade Pública, integrada por organizacións sociais, sanitarias, de doentes, sindicais e políticas, que pretende que o Parlamento de Galiza debata e aprobe con forma de lei unha serie de medidas:

- *Estabelecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas.*
- *Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvagardar a calidade da atención aos pacientes.*
- *Acabar ca inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas.*
- *Reabrir as consultas, centros de saúde e PAC de urxencias pechados durante os últimos anos.*



- Incrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas categorías profesionais aos equipos como psicoloxía, fisioterapia, atención temperá, logopedia, etc., para desmedicalizar a atención e ofrecer unha asistencia integrada.
- Recuperar as xerencias de Atención Primaria para dotala de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais. Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e atención á dependencia.
- Desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galiza.
- Darlle pulo o Consello de Saúde de Galiza e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria para que a poboación teña capacidade real de participar á hora de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros.

2ª.- Moción do BNG, relativa á reivindicación do 25 de novembro e á necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista no contexto de crise de prezos e de rearme do machismo.

A sra. Arrojo Dueñas (BNG) xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo municipal do BNG.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade.

A continuación, a sra. Arrojo Dueñas dá lectura á moción:

«Moción relativa á reivindicación do 25 de novembro e á necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista no contexto de crise de prezos e de rearme do machismo

Laura Rodríguez Pena, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Sada ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en pleno,

Exposición de motivos:

A violencia machista segue forte na nosa sociedade, como mostra da vixencia do sistema patriarcal. Proba disto son, por exemplo, os datos recentes dados a coñecer a mediados de outubro por parte do Observatorio do Consello Xeral do Poder Xudicial que indicaba que os xulgados galegos recibiron no segundo trimestre de 2022 ata 1.813 denuncias por violencia machista, un 9,9% máis que no mesmo período de 2021.

Ademais da preocupación pola vixencia da violencia machista, o contexto de 2022 engade a incerteza dunha situación económica na que a escalada de prezos que se vive desde hai máis dun ano impacta con virulencia nas mulleres, aprofundando na desigualdade.

Nun contexto onde, ademais, medran os discursos misóxinos que cuestionan a desigualdade e a violencia machista, é necesario que as administracións revaliden o seu compromiso co impulso e o apoio económico das medidas en materia de fomento da igualdade e loita contra estas violencias.

Entre os recursos máis importantes cos que conta o noso país están os Centros de Información ás Mulleres, cunha rede importante mais que aínda arrastra carencias como a falta de cobertura ao longo do territorio ou a insuficiencia dos cadros de persoal.

É necesario recordar que se ben os CIM son de titularidade municipal, a Xunta de Galiza delimita os requisitos que deben cumprir para a súa creación, os seus principios de actuación e as súas funcións, entre outros e tamén contribúe ao seu financiamento a través de convocatorias anuais en réxime de subvención.

A respecto do financiamento, a Xunta de Galiza establece unha contía total máxima de axuda que se pode conceder ao abeiro do Programa de apoio aos CIM e que é de 45.000 euros, no caso de que se trate dunha solicitude individual, e de 120.000 euros, no caso de que se trate dunha solicitude para a xestión compartida ou dunha entidade resultante dunha fusión de concellos.

Este tope máximo limita de facto o cadro de persoal e os perfís profesionais dos que dispoñen a maior parte dos CIM así como o seu orzamento, tal e como sinalou a FEGAMP no seu primeiro Informe sobre a acción dos concellos galegos. Estas limitacións orzamentarias, en canto á achega da Xunta de Galiza e as dificultades dos concellos de incrementar as súas achegas, deriva en que o groso dos recursos económicos vaian dirixidos ao pagamento do persoal e dos custes de mantemento dos centros mentres que apenas o 5% se destina a accións de prevención e promoción da igualdade.



Galiza é exemplo de importantes avances institucionais, como o recoñecemento da violencia vicaria como violencia machista, e de importantes mobilizacións, como amosa a cada vez maior resposta aos feminicidios en convocatorias e asistencia, ou as históricas manifestacións dos 8 de marzo. Neste contexto, aínda que temos avanzado, queda moito por facer e estamos nun momento histórico de ameazas de retroceso en materia de igualdade. Polo tanto, é necesario dar un paso máis fortalecendo un instrumento coma os CIM. Este é un chanzo necesario para garantir a igualdade de opcións e trato das galegas ao longo do territorio, para avanzar na profesionalización e na mellora da atención e para prever e intervir ante as necesidades actuais.

Por estes motivos, é preciso comprometérmonos co seu fortalecemento, ademais de revalidar o compromiso coas mobilizacións feministas e demandar das institucións o mantemento dos compromisos económicos coa igualdade e a loita contra a violencia machista.

*Por todo o exposto, o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:*

1.- Expresar o apoio da corporación de Sada ás mobilizacións feministas convocadas ao abeiro do 25 de novembro de 2022 contra a violencia machista.

2.- Demandar da Xunta de Galiza o incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2023 de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

3.- Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:

3.1- O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.

3.2- Reforzar o financiamento anual dos CIM garantindo, asemade, que o Programa de apoio aos CIM cubra os custos de persoal e de mantemento, favorecendo o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e de promoción da igualdade así como a incorporación de novos perfís profesionais aos centros».

A presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV), indica que o grupo do goberno ten unha emenda, que pasa a expoñer a sra. Salorio Porral (PP), e que consiste en engadir un punto catro que diría o seguinte: “*Condenar e denunciar expresamente a violencia verbal que se estivo a vivir nas dúas últimas semanas no concello de Sada; nomeadamente os insultos dirixidos ás mulleres polo feito de selo*”. Indica a sra. Salorio que de ser aceptada a dita emenda o grupo do goberno retiraría a declaración institucional que presentaron coma moción e votarían a favor da que acaba de expoñer a sra. Arrojo quen, pola súa parte, manifesta que non a aceptan.

A continuación débátese a moción, coas intervencións da sra. Pardo Fafián (PSOE), quen anuncia que votarán en contra da moción e tamén da emenda en aplicación do acordado no punto 6º desta sesión; da sra. Salorio Porral (PP), que fai algunhas aclaracións; e da sra. Mouriño Neira (SM), quen anuncia que votarán a favor da moción.

Logo de se ter debatido, a presidenta expón que de se levar a cabo o acordo que se acaba de aprobar no punto 6º non procede a emenda, porque non foi aceptada polo grupo proponente.

A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Votos en contra: 9 (5 PP, 2 PSOE e 2 AV).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando rexeitada por maioría absoluta a adopción do seguinte acordo:

1.- Expresar o apoio da corporación de Sada ás mobilizacións feministas convocadas ao abeiro do 25 de novembro de 2022 contra a violencia machista.

2.- Demandar da Xunta de Galiza o incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2023 de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.



3.- Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:

3.1- O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.

3.2- Reforzar o financiamento anual dos CIM garantindo, asemade, que o Programa de apoio aos CIM cubra os custes de persoal e de mantemento, favorecendo o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e de promoción da igualdade así como a incorporación de novos perfís profesionais aos centros.

3ª.- Moción do grupo de goberno, relativa á adhesión á Declaración Institucional da FEGAMP “Os concellos galegos polo Bo Trato”.

A sra. Salorio Porral (PP) xustifica a urxencia da moción, presentada polos grupos municipais do goberno (PP, PSOE e AV), e que consiste en adherirse á declaración institucional da FEGAMP.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade.

A continuación, a sra. Salorio Porral dá lectura á moción:

«MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO

#concellosgalegos #PoloBoTrato

A liberdade, a seguridade e a integridade, son dereitos inherentes ao ser humano incuestionables e, como tales, non poden limitarse por circunstancias temporais ou espaciais nin tan sequera pender de ningún criterio, moito menos, pola condición de xénero.

A natureza esencial destes principios obriga a que non baste con que sexan respectados; deben estar garantidos sen fisuras cos medios legais e económicos precisos e coa defensa sen concesión por parte da sociedade –auténtica titular do poder nun sistema democrático-, que debe esixir que isto sexa así.

Con motivo deste novo 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, a Federación Galega de Municipios e Provincias, manifesta a firme convicción e determinación das Entidades Locais galegas para erradicar calquera tipo de maltrato sobre as mulleres, os seus fillos e fillas e achegados e achegadas, vítimas todas do machismo, xa que o maltratador leva por medio a quen considere con tal de que ela sufra.

Ademais da física, repudiamos calquera outra forma de agresión machista: psicolóxica ou emocional, sexual, económica, acoso, vexación... tanto no eido persoal como laboral.

Dende o municipalismo facemos un chamamento á responsabilidade común, tanto de institucións como de cidadanía, no problema da violencia de xénero. Ninguén pode mirar para outro lado. Cadaquén debe asumir a súa responsabilidade no problema e na solución do mesmo. Cómpre reflexión sincera por parte de todos e todas e acción conxunta.

Unha vez máis as Entidades Locais comprometemos traballo arreo, sen escatimar esforzos nin medios dentro das nosas posibilidades, priorizando ás políticas e medidas contra a violencia de xénero fronte calquera tipo de maltrato e facilitando e fomentando a colaboración do resto das administracións e cidadanía.

Apostamos pola información e concienciación dos dereitos e ferramentas aplicables para cada situación, facendo o que estea na nosa man tanto no noso espazo como fóra del, para que quen os precise acceda a eles.

A Fegamp pide tamén, en nome das Entidades Locais galegas, os medios necesarios para o labor e que se afaste esta loita da pugna ideolóxica, porque non cabe ningún tipo de negación desta cruel realidade e que no punto de mira de todos e todas só deben estar a liberdade, a seguridade e a integridade para todas as persoas.

Os concellos queren lanzar, por último, unha mensaxe de esperanza e forza para todas estas mulleres que están a sufrir a violencia machista e a calquera que sufra o maltrato de xénero. Lembrámoslles que non teñen porque toleralo baixo ningunha forma e que estamos ao seu carón para axudalas a saír. Animamos por tanto ás vítimas e a calquera que teña coñecemento dalgún caso a dar o paso para pór fin á inxustiza. Contan connosco.



Poñemos a disposición e alentamos a facer propio o noso Decálogo #PoloBoTrato:

1. Empregar linguaxe libre de connotacións sexistas.
2. Integrar a perspectiva de xénero nas nosas decisións.
3. Difundir unha imaxe non sexista da muller.
4. Traballar na prevención da violencia machista e promoción dos valores de igualdade e respecto entre toda a poboación, especialmente a máis nova.
5. Fomentar a ética e a co responsabilidade nas tarefas e o coidado tanto de menores como de persoas dependentes.
6. Identificar e emendar as posibles deficiencias que atopemos a nivel municipal na loita contra a violencia cara ás mulleres.
7. Respetar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, e a igualdade de oportunidades no cadro de persoal.
8. Promover unha representación equilibrada de mulleres e homes en todos os ámbitos de actuación municipal.
9. Rexeitar a contratación de actividades nas que se ofrezan unha imaxe sexista da muller.
10. Prestar especial atención ás mulleres en situación de vulnerabilidade.

PROPOSTA DE ACORDO:

Adherirse a esta Declaración Institucional da FEGAMP».

Non habendo intervencións, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO:**

Adherirse a esta Declaración Institucional da FEGAMP.

4ª.- Moción do grupo municipal Sadamaioría, relativa á necesidade de revalidar o apoio ao Pacto Antitransfuguisimo e potenciar a loita contra o transfuguisimo e os seus efectos nos concellos.

O sr. Fariña Andrade (SM) xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo municipal Sadamaioría, que recolle:

«Xosé Fernando Fariña Andrade, voceiro do grupo municipal de Sadamaioría ao abeiro da lexislación vixente presentan a seguinte

MOCIÓN

Relativa á necesidade de revalidar o apoio ao Pacto Antitransfuguisimo e potenciar a loita contra o transfuguisimo e os seus efectos nos concellos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- A moción de censura do pasado venres 18 de novembro foi un claro acto de transfuguisimo, e así debe ser cualificado, expresado e denunciado.

Porque transfuguisimo é, con pleno e previo coñecemento, apartarse das directrices e criterios fixados polas respectivas organizacións políticas co obxectivo de censurar alcaldías e gobernos e alterando as maiorías de goberno resultado das eleccións municipais e, por tanto, violentando e falseando a vontade cidadá expresada en urna.

O transfuguisimo non é un termo descritivo nen de relato político. Está correctamente definido e delimitado nos sucesivos Pactos antitransfuguisimo que desde o 1998 (e coas sucesivas addendas) teñen asinado forzas políticas democráticas (entre elas, o PSOE e mais o PP).

Así por exemplo, no acordo de 2006, defínese por tráfuga:

“aos representantes locais que, traizoando aos seus compañeiros de lista e/o de grupo, - mantendo estes últimos a súa lealdade coa formación política que os presentou nas correspondentes eleccións locais-, ou apartándose individualmente ou en grupo do criterio fixado polos órganos competentes das formacións políticas que os presentaron, ou sendo expulsados destas, pactan con outras forzas para cambiar ou manter a maioría gobernante nunha entidade local, ou ben dificultan ou fan imposible á devandita maioría o goberno da entidade.”

Engadindo, de seguido, que:

“cando xurdisen dúbidas sobre que membros dunha lista e/o grupo político incorreron en transfuguisimo, será a formación política que os presentou a que deberá aclarar por escrito cales deles apartáronse da disciplina de partido, a efectos da súa cualificación como



tránsfugas. As medidas previstas neste Acordo con respecto aos tránsfugas, serán igualmente de aplicación a aqueles membros das entidades locais que se beneficien da súa conduta.”

Na III Adenda (do 2020), sinalábase tamén que o transfuguismo “es una forma de corrupción y una práctica antidemocrática que altera las mayorías expresadas por la ciudadanía en las urnas.”

Un compromiso de batalla contra do transfuguismo que obrigaba ás forzas políticas asinantes a exercitar as medidas disciplinarias, e “incoar los correspondientes expedientes disciplinarios y expulsar de la organización al concejal tránsfuga, o a aquéllos que violenten el citado compromiso instrumentalizando o apoyándose, en su provecho, en los concejales tránsfugas”, tal e como se acorda na Adenda do 2006.

Negar ou pretender negar que a moción de censura do pasado venres 18 de novembro foi un acto de transfuguismo e que as/os concelleiras/os asinantes son tránsfugas é unha evidente mentira e falsidade no plano político.

O goberno saído da moción é un goberno tránsfuga e composto na súa totalidade por tránsfugas, e así debe ser considerado, tamén polos propios asinantes da moción, coñecedores e sabedores dos escritos orgánicos de expulsión e incoación de expedientes disciplinarios, precisamente por actuar á marxe e en contra das directrices e criterios dos partidos. E dicimos sabedores porque con independencia dos procedementos e garantías estatutarias, todas as tránsfugas sabían e coñecían os escritos dos partidos respectivos, polo menos de AV e PSOE, dado que foron trasladados oficialmente a este concello, mediante escritos á alcaldía e secretaria do Concello, respectivamente (escritos da presidencia de AV de 7 e 17 deste mes e escrito do secretario de organización da Comisión Executiva provincial de A Coruña do PSOE do día 17, tal e como se expuxo no Pleno do pasado 17 de novembro, ao que non asistiron, pero o cal non evita o coñecemento de ditos escritos).

Mais de catro mil veciñas e veciños de Sada, votantes de PP, PSOE e Alternativa dos Veciños, viron o pasado 18 de novembro como 9 tránsfugas alteraban a vontade democrática de maio de 2019, a so seis meses das próximas eleccións municipais, e sen mais motivos e causas reais que os de cambiar de alcaldía e de goberno.

2.- Obviamente, o Pacto anti-transfuguismo non é unha disposición legal, pero si o é o art. 73.3 da Lei de Bases de Réxime Local. Un precepto legal que foi precisamente introducido nesa Lei co antecedentes, causa e xustificación do contido do dito Pacto, tal e como expresamente se recoñece pola doutrina e a Xurisprudencia.

Así, a xa coñecida e relevante STS de 26/10/2020, precisa con rotundidade que “1.El artículo 73.3.3º de la LRBRL establece limitaciones en el ejercicio de derechos políticos y económicos por los concejales no adscritos. Tal regulación trae su causa del Acuerdo 7 de julio 1998 firmado por diversos partidos políticos, del documento de 26 de septiembre de 2000 por el se renueva ese Acuerdo y por la II adenda al mismo de 26 de mayo de 2006, de los que se deduce sin matiz una idea de censura a lo que se denomina transfuguismo.

2. Estos acuerdos se basan en la idea de que el transfuguismo implica una alteración o falseamiento de la representación política, en cuanto actuación desleal hacia la voluntad que los ciudadanos manifestaron con sus votos. Con tal inspiración, del artículo 73.3.3º de la LRBRL se deduce una intención disuasoria del transfuguismo, idea que recoge la doctrina del Tribunal Constitucional y la jurisprudencia de esta Sala”.

Un precepto legal, o do art. 73.3 LRBRL, que traslada os obxectivos do pacto anti-transfuguismo ás disposicións normativas respecto das/os concelleiras/os non adscritas, e mais en concreto, tanto respecto da non pertenza a grupo como dos dereitos políticos e económicos, que, como xa ten interpretado tanto o Supremo como outros órganos xudiciais e reiterados Ditames de consellos consultivos determinan a imposibilidade legal de que ditos concelleiras non adscritas podan formar parte de Xunta de Goberno Local, asumir concellarías-delegadas e as correlativas retribucións.

Por todo o anteriormente exposto, sométese á consideración do Pleno o seguinte ACORDO :

1.O Pleno da Corporación expresa o seu apoio ao Pacto Antitransfuguismo de xullo de 1998, así como ás súas Adendas posteriores de setembro de 2000, maio de 2006 e novembro de 2020.

2.O Pleno da Corporación considera que a Moción do pasado 18 de novembro de 2022 é un acto de transfuguismo.

3.O Pleno da Corporación insta da alcaldía a dar efectivo cumprimento ao disposto no art. 73.3 da Lei de Bases de Réxime Local, adoptando as medidas orgánicas executivas oportunas, tanto en relación coa toma de coñecemento por este Pleno da condición de non adscritos das persoas expulsadas das súas organizacións e da supresión de grupos municipais, así como do de non nomeamento ou cese de ditos persoas na condición de membros da Xunta de Goberno Local e/ou concellarías-delegadas.

4.Dar traslado deste acordo á “Comisión de Seguimiento del Pacto por la Estabilidad Institucional y lucha contra el Transfuguismo Político”».

A presidenta aclara que non han votar a favor da urxencia, en primeiro lugar porque non consideran tal urxencia, en segundo lugar porque non se dan os motivos expresados polo sr. Fariña e en terceiro lugar porque de ser o caso e no momento en que se dean eses motivos ela mesma será a primeira en traer isto ao Pleno.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (6 SM e 2 BNG).



-
- Votos en contra: 9 (5 PP, 2 PSOE e 2 AV).
 - Abstencións: Non se produciron.

Resultando rexeitada a urxencia de tratar este punto por maioría absoluta.

A continuación a sra. Rodríguez Pena solicita poder intervir para explicar o sentido do voto da urxencia, con base no artigo 60 do ROM, accedendo a presidenta, polo que a sra. Rodríguez dá a súa explicación.

C. Rogos e preguntas.

O sr. Portela Fernández (SM) roga que por respecto ás mulleres que sufriron a violencia machista non se volva comparar neste Pleno a violencia machista co acontecido o pasado día 18 na sesión da moción de censura, como se fixo nesta sesión no apartado de mocións.

A sra. Rodríguez Pena (BNG) formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta se se vai facer algunha modificación na RPT no referente á Policía Local.

2ª) Pregunta con relación á achega do POS 2023 da Deputación se se ha respectar a porcentaxe destinada ás sendas peonís antes acordadas a instancia do BNG.

Contesta ás preguntas a presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV).

A sra. Rodríguez Pena (BNG), fai tamén os seguintes rogos:

1º) Roga que se atenda coa maior brevidade posible a súa solicitude dun local para o seu grupo municipal para o seu labor de oposición.

2º) Roga que se rexeite e se retracten do uso da expresión fascismo para se referir ao acontecido na sesión do pasado día 18 co público asistente, o que se chegou a cualificar de *aquestrarre fascista*.

Contesta por alusións ao segundo dos rogos o sr. García López (PP) e a presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV).

O sr. Blanco Montero (PSOE) roga que ningún dos membros da bancada da oposición (SM e BNG) teña que pasar nunca polo que pasaron eles o venres, na sesión plenaria do día 18 pasado.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 20 minutos do día xoves 24 de novembro do 2022, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado da alcaldesa María Nogareda Marzoa, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.